



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000009

Valdoviño, 2 de xuño de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa (PSOE)

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asiste por causas xustificadas: don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN: 05.05.22 (ORDINARIA) E 23.05.22 (EXTRAORDINARIA E URGENTE).-

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións citadas, quedan aprobadas sen nengunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobadas por unanimidade dos asistentes ás sesións).

2º.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO AO PROXECTO DE FORMACIÓN TÉCNICA E ASESORAMENTO DO CENTRO COLABORATIVO DE TRANSFORMACIÓN AGROALIMENTARIA “A FUSQUENLLA”.-

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

ANTECEDENTES:

“No ano 2021, promovido polos concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño, inaugúrase no recinto da feira de Moeche o Centro de transformación agroalimentaria A Fusquenlla, pertencente á Rede provincial de espazos de traballo da Deputación da Coruña.

Unha vez rematada a obra de reforma das instalacións e logo de dotar o Centro co equipamento preciso para a transformación de produtos de horta e froita, e despois de levar a cabo unha primeira campaña de detección de posibles persoas usuarias deste espazo, é preciso avanzar na posta en funcionamento desta instalación.

Nese senso, é necesario formar as persoas usuarias, contar cun servizo de asesoramento técnico e continuar coas accións de xestión, difusión e atracción.

Por iso, os catro concellos promotores do centro queren solicitar unha subvención á Deputación provincial para que cofinancie os gastos derivados das actuacións sinaladas no parágrafo precedente.

En base a estes antecedentes, a Alcaldía proponlle ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.- A adhesión do concello ao proxecto conxunto promovido polos concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño para a formación técnica e asesoramento do centro colaborativo de transformación agroalimentaria “A Fusquenlla”

2º.- Solicitarlle á Deputación provincial unha subvención para o financiamento do proxecto de formación técnica e asesoramento do centro colaborativo de transformación agroalimentaria “A Fusquenlla”, por un importe de 29.080,00 euros, o cal suporía o 80% do orzamento do proxecto, que ascende a un total de 36.350,00 euros

3º.- Designar o Concello de Moeche, e nomeadamente á súa Alcaldesa, como representante desta solicitude, capacitándoa para que realice as xestións necesarias vinculadas á dita solicitude e á xestión da subvención

4º.- Declarar que este proxecto é excepcional e singular, polo seu carácter innovador e único na comarca, e pola súa dupla perspectiva colaborativa, tanto dende o punto de vista das persoas usuarias do centro, como dende a involucración de catro concellos limítrofes. Polo tanto, trátase dun proxecto supramunicipal e de interese para a propia Deputación, dado que o centro da Fusquenlla fai parte activa da rede provincial de espazos de traballo, que ela xestiona.

5º.- Manifestar e asumir o compromiso do Concello de asinar, canda o resto de municipios promotores, e se a Deputación concede a correspondente subvención, un convenio de colaboración, no cal se especifiquen os detalles da xestión da dita subvención.

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime máis convinte.

/Asdo electrónicamente á marxe do documento polo sr. Alcalde na data da sinatura/

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (12 membros dos 13 que a compoñen), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O sr. Alcalde anuncia a presentación por vía de urxenza do seguinte asunto, xustificando a urxenza na conveniencia de ter actualizado o inventario municipal de viais.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, apreza a urxenza, incluíndo en consecuencia o seguinte asunto Fóra da Orde do Día.

.- APROBACIÓN DE RECTIFICACIÓN DE INVENTARIO MUNICIPAL DE VIAIS.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Visto o acordo do Pleno en sesión celebrada o 17 de outubro de 2014 no que aprobábase definitivamente o inventario de camiños de titularidade municipal.

Considerando que, con posterioridade a aprobación definitiva do Inventario de Camiños Municipais, como consecuencia tanto da tramitación de expedientes de investigación, como da consulta de expedientes antigos e do resultado de visitas de inspección, emitíronse informes que aconsellan determinadas modificacións do citado Inventario.

Vistos os informes obrantes nos expedientes; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: En relación ao expediente de rectificación con **Nº de rectificación_012**, sobre o camiño que comeza no nº de activo 1C.1.0126 e remata no linde da parcela con referencia catastral 15088A501009390000GX, vista a documentación consultada e aportada, según consta no informe **“Resulta constatada a EXISTENCIA do camiño público proposto para súa inclusión**, chegando a esta conclusión realizando o anterior análise”.

SEGUNDO: En relación ao expediente de rectificación con **Nº de rectificación_014**, a situación do camiño proposto para súa incorporación no Inventario de Camiños de Valdoviño, comezaría no nº de activo 1C.8.0025 e transcorrería entre as parcelas catastrais 15088A058002930000HT e 15088A058002930000HT polo oeste e coa 15088A058003330000HX polo linde leste ata o linde norte da parcela con referencia catastral 15088A058003340000HI. Segun consta no informe **“NON se pode constatar a EXISTENCIA do camiño público proposto coas probas obrantes no expediente de investigación.”**

TERCEIRO. En relación ao expediente de rectificación con **Nº de rectificación_ 017** Según consta no informe **“NON se pode constatar a INEXISTENCIA do camiño público proposto coas probas obrantes no expediente”.**

CUARTO: En relación ao expediente de rectificación con N° de **rectificación RECTF_063**, a situación do camiño proposto para súa incorporación, comezaría no nº de activo 1C.3.0119 e remataría ni linde sur da parcela con referencia catastral 5368201NJ6256N0001PL. Según consta no *informe “Resulta constatada a INEXISTENCIA do camiño público proposto para a súa inclusión, chegando a esta conclusión realizando o análise anterior.”*

QUINTO: Aprobar a rectificación do Inventario de Camiños Municipais atendendo os puntos anteriores e que unicamente afecta a Rectificación N° 012.

SEXTO: Publicar no BOP e que se notifique o presente acordo aos interesados.

Valdoviño, 30 de maio de 2022
O Alcalde
Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (12 membros dos 13 que a compoñen), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2022.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de abril de 2022, que comprenden do número 134 ao 176 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervención grupo municipal CENVAL.-

Sra. Veiga.- Como está a obra do campo de fútbol de Mourente?

Sr. Sergio Saavedra Gutiérrez .- Xa o estamos acabando.

Sra. Veiga.- E a piscina cando abre?

Sr. Sergio Saavedra Gutiérrez .- O 1 de xullo.

Sra. Veiga Doce.- E a contratación dos socorristas?

Sr. Alcalde.-Non se van a cubrir. É por culpa da Xunta.

Secretaria.- Polo de agora presentáronse dúas solicitudes.

Sra. Veiga Doce.- Non se pode limpar Os Cortellos?

Sr. Alcalde.- É mellor non meterse ahí, as praias débense limpar pero nas calas é mellor non meterse. É moi complicado.

Intervención grupo municipal PP.-

Sr. Javier Bouzamayor.- Hai unha queixa dun veciño porque di que lle queremos cobrar pola conexión nun tramo municipal

Sr. Alcalde.- Eso non é así. Hai que aplicar a ordenanza, procédese a conectar cando queira aplicando a ordenanza A menos de 50 m. ten que facer a conexión o veciño conforme a ordenanza.

Sr. Javier Bouzamayor.- Así non mo explicou.

Non pedimos axuda para os socorristas?

Sr. Alcalde.- Non se pediu. Foi erro noso. Son o responsable .De todas maneiras se contratamos a unha empresa non nos chegaría.

Sra. Kristel Testa.- E o Risga?

Sr. Alcalde.- Non se pediu por motivos técnicos. Podedes falar cos Servicios Sociais.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha horas deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/